

**Bases reguladoras para a contratación laboral temporal de
4 auxiliares de Policía Local do Concello de Rianxo.-**

Primeira: OBXECTO DA CONVOCATORIA

O obxecto desta convocatoria é a selección, polo sistema de oposición e quenda libre, de **catro (4)** auxiliares de Policía Local para o Concello de Rianxo, na tempada de verán, xa que, polo seu carácter costeiro e interese turístico atopase cun incremento importante poboacional durante esta, que fan preciso o reforzo de ditos servizos.

Segunda: MODALIDADE DE CONTRATACIÓN

O contrato será como persoal laboral temporal durante 4 meses, por xornada semanal completa de trinta e sete horas e media, que se prestan en horario que se distribuirá segundo as necesidades do servizo, en quendas de mañá, tarde e noite.

Terceira: CONDICIÓN DOS ASPIRANTES:

1.- Para tomar parte no proceso selectivo, os aspirantes deben reuni-los requisitos seguintes, acreditándoos na data en que remate o prazo de presentación de instancias desta convocatoria:

- a) Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. Así mesmo, poderán participar, en igualdade de condicións que os españois, os estranxeiros con residencia legal en España.
- b) Ter cumpridos 18 anos de idade e non supera-los 58.
- c) Ter unha estatura mínima de 1,65 metros os homes e 1,60 as mulleres.
- d) Acreditar que reúne as condicións físicas e sanitarias para a realización dos exercizos físicos que se especifiquen na proba de oposición.
- e) Estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) do título de Educación Secundaria Obrigatoria, título de Graduado Escolar ou equivalente.
- f) Non haber sido condenado por delito doloso, nin estar inhabilitado para o exercizo de funcións publicas, nin estar separado do servizo das Administracións Publicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, sen embargo, o beneficio de rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.-

2. A acreditación dos requisitos anteriores precisa que os aspirantes aporten xunto a solicitude:

- apartado 1.a) e 1.b) será mediante fotocopia cotexada do DNI, pasaporte ou permiso de condución, ou no seu lugar acreditación de extravío ou substracción do DNI. Caso de estranxeiros, pasaporte que acredite a súa nacionalidade de existir tratado que o permita, ou NIE de ser nacionais de estados membros da UE así como os seus cónxuxes non separados e descendentes menores de 21 anos e dependentes, ou no resto dos casos, permiso de residencia. Todos eles vixentes.
- apartado 1. d) cun certificado médico
- apartado 1.e) con copia cotexada da titulación.
- apartado 1.f) vía declaración xurada.

O apartado c) o avaliara o tribunal ao comezo do proceso.

3.De ter superado o curso teórico - práctico de auxiliar da Policía Local na Academia Galega de Seguridade Pública, poderao acreditar xunto coa instancia.

4.Acreditación de coñecemento da lingua galega suficiente conforme á normativa.

Cuarta: PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES:

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ó Sr. Alcalde, en modelo que figura como Anexo II das presentes Bases que se facilitará no Rexistro Xeral do Concello e na paxina www.portelo/rianxo.com.

As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello **ata as 14 horas do 5º día hábil seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria nun dos xornais de maior difusión.** Tamén se poderán presentar na forma en que determina o art. 38.4 da Lei 30/1992, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante telegrama ou telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias.

A instancia conterà, polo menos, os datos persoais do solicitante co seu enderezo e a denominación da praza convocada á que opta, achegándolle a acreditación dos requisitos de participación que se sinalan na base terceira.-

Os aspirantes exentos do exame de galego deberán tamén facelo constar na súa instancia e xustificalo coa documentación á que fai referencia a base 3ª apartado 4º-

Para ser admitido nas probas selectivas os aspirantes deberán manifestar nas súas solicitudes de participación que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na data en que remate o prazo de presentación.

Quinta: ADMISIÓN DOS ASPIRANTES:

Rematado o prazo de presentación de instancias, o Alcalde ditará Resolución aprobando a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos (neste segundo caso con indicación das causas que dean lugar á exclusión), que se fará pública no taboleiro de anuncios da Casa do Concello e na paxina web.

Os aspirantes excluídos disporán dun prazo de 2 días, contados a partir do seguinte ó da publicación da resolución, para poder emendar, no seu caso, o defecto que motivase a exclusión. No suposto de producirse reclamacións deberá dictarse unha nova resolución estimándoas ou desestimándoas ca publicación da lista definitiva no taboleiro de anuncios municipal.

Contra a resolución do Alcalde, aprobatoria da lista definitiva, poderase interpoñer recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditou, no prazo dun mes a partir do día seguinte ó desta notificación (artigos 107 e 117 da Lei 30/92, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/99 do 13 de xaneiro) ou ben un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, segundo o artigo 46 da Lei 29/98, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

O feito de figurar incluído na relación de admitidos non prexulga que se lles recoñeza ós interesados a posesión dos requisitos esixidos no procedemento selectivo convocado, que deberán ser xustificadas documentalmente no suposto de que os aspirantes admitidos superen as probas selectivas.

Sexta: TRIBUNAL CUALIFICADOR:

De acordo co previsto no artigo 34 da Lei 4/2007, de coordinación de policía locais, en relación co artigo 60 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do estatuto básico do empregado público, o tribunal cualificador estará integrado do seguinte xeito:

Presidente: o Xefe da Policía Local.

Vocais: - O Policía Local mais antigo.

- Un policía Local.

Secretaría: a secretaria do concello, ou funcionario en quen delegue.

Asesor: un técnico municipal de Deportes para a execución das probas físicas.

A súa composición farase pública na mesma Resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista de admitidos e excluídos.

Tódolos vocais do Tribunal deberán ter titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o acceso á praza obxecto desta convocatoria.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificando á autoridade convocante, cando concorran circunstancias previstas nos artigos 28 e 29 da Lei 30/1992 citada, ou cando realizaran tarefas de preparación de aspirantes para probas selectivas nos cinco anos anteriores á publicación desta convocatoria.

Igualmente os aspirantes poderán recusar ós membros do Tribunal cando concorran algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes, indistintamente). En todo caso, será preciso a asistencia do Presidente e da Secretaria.

O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolve-las dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.

Sétima: DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO:

Na mesma Resolución pola que se aprobe a lista de aspirantes admitidos e excluídos e se faga pública a constitución do Tribunal Cualificador, sinalarase o lugar, data e hora para o inicio do proceso selectivo.

A oposición constará dos seguintes exercicios:

A.1 - Comprobación da estatura e probas de aptitude física.

Comprobación da estatura.

Ó comezo realizarase o control da estatura dos/das aspirantes. Os mínimos son os que rexen para o ingreso nos corpos de Policía Local: 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

Probas físicas.

As probas físicas cualificaranse de apto/non apto conforme ao anexo VII da Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada (e corrección de erros de 13/02/2009). Para obter a cualificación de apto é necesario non superar as marcas establecidas como máximas para as probas

A.1.1.- Potencia tren inferior. Salto vertical.

Realizarase nun ximnasio ou lugar semellante con chan horizontal e cunha parede vertical e lisa.

O aspirante colocarse n posición de partida, en pé, de lado xunto a unha parede vertical, cun brazo totalmente estendido cara arriba e sen levantar os calcañares do chan, marcará cos dedos a altura que alcanza nesa posición. O exercicio executarse separándose 20 centímetros da parede e saltando tan alto como poida, marcando novamente cos dedos o nivel alcanzado.

Para a correcta realización da proba deberanse observar as seguintes regras:

-pódense mover os brazos e flexionar o tronco e os xeonllos, pero non se pode separar do chan ningunha parte dos pes antes de saltar.

-hai que realizar o salto cos dous pes ó mesmo tempo.

-permítense dous intentos, só ós aspirantes que fagan nulo o primeiro.

A distancia entre a marca feita desde a posición de partida e a acadada co salto deberá ser igual ou superior á mínima (en centímetros) establecida no seguinte cadro para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37-48 anos	49 anos ou máis
Homes	41 cm.	33 cm.	29 cm.
Mulleres	32 cm.	28 cm.	25 cm.

A.1.2.- Resistencia xeral. Carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chaira de terreo.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A posición de saída realizarase en pé.

Só se permite un intento.

O/a aspirante que abandone a carreira quedará excluído.

A proba consistirá en correr a distancia de 1.000 metros no tempo máximo (en minutos e segundos) que se recolle na seguinte táboa para cada sexo e grupo de idade.

	18-36 anos	37-45 anos	46 anos ou máis
Homes	4'30''	5'00''	5'15''
Mulleres	5'00''	5'30''	5'45''

A. 2. Proba de coñecementos.

A proba de avaliación dos coñecementos dos/as aspirantes deberá amosar o dominio dos contidos do temario que se inclúe no anexo.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 50 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os/as aspirantes disporán dun tempo máximo dunha hora para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula: $N = (A-F/3)/5$.

Sendo N= nota final da proba; A= preguntas acertadas; F= preguntas erradas ou non respostadas.

A. 3- Proba específica sobre coñecemento do termo municipal e da toponimia local.

O órgano de selección someterá ós/ás aspirantes a unha proba para determinar o seu nivel de coñecemento sobre as características propias do Concello e a toponimia local.

Cualificarase de cero a tres puntos, sendo necesario acadar como mínimo unha puntuación de un con cinco (1'5) puntos para superala.

A. 4- Coñecemento da lingua galega.

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación por parte do tribunal, de que as/os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo/as ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apto ou non apto.

Sen embargo as persoas aspirantes que acrediten o coñecemento da lingua galega, con carácter previo e da maneira normativamente establecida, daráselles por superada esta proba coa calificación de apto.-

Oitavo.- CUALIFICACIÓN FINAL E PROPOSTA DE APROBADO:

A publicación dos resultados obtidos nas probas, farase no taboleiro de anuncios da Casa do Concello.

Concluída a cualificación final do proceso selectivo o Tribunal publicará no citado taboleiro de anuncios a relación dos aspirantes por orde de puntuación total final con especificación da mesma, e elevará a correspondente proposta a favor dos aspirantes seleccionados para as prazas convocadas.

Novena.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS:

Cada un dos aspirantes propostos presentará no Departamento da Policía Local do Concello, no prazo de 5 días naturais (contados a partir do resultado da selección):

- **declaración de que segue a cumprir todos e cada un dos requisitos da base 3ª apartado 1º.**
- **Declaración de non incorrer en causa de incompatibilidade ou de incapacidade, conforme á normativa vixente.**
- **Acreditación do previsto na base 3ª. Apartado 3º, de se-lo caso.**

Os aspirantes que non tiveran vixente o curso teórico-practico que imparte a Academia Galega de Seguridade Publica, deberán realizar dito curso.

Se algún aspirante proposto tivera a condición de funcionario público ou de traballador laboral fixo ao servizo de calquera das Administracións Públicas, estará exento de xustificar documentalmente as condicións ou requisitos xa demostrados para obte-lo seu anterior nomeamento, debendo neste caso, presentar certificado do Organismo do que dependa, acreditando a súa condición e cantas circunstancias consten na súa folla de servizos.

Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, algún aspirante proposto non presentara a súa documentación ou non acreditara reuni-los requisitos esixidos, non será nomeado, quedando anuladas tódalas súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puidera ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

En caso de renuncia dalgún dos seleccionados, farase constar en Resolución da Alcaldía que, á súa vez, nomeara auxiliar ao aspirante seguinte por orde de puntuación, conforme á proposta do Tribunal.

Decima.- NOMEAMENTO E FORMALIZACIÓN DO CONTRATO:

O órgano competente da Corporación fará o nomeamento a favor dos aspirantes propostos polo Tribunal Cualificador nas condicións recollidas na base 2ª.

A formalización dos contratos terá lugar no prazo de vinte días naturais, contados desde a data de notificación da necesidade da contratación, salvo casos de urxencia que será, en todo caso, antes da incorporación ó posto de traballo.

Previamente á sinatura dos contratos, os aspirantes nomeados deberán subscribi-la declaración a que se refire o art. 13.1 do Real Decreto 598/1985, de 30 de Abril, sobre incompatibilidades así como de causas de incapacidade específica conforme á normativa vixente.

Mentres non se formalice o contrato e non se incorpore ó seu posto de traballo, o aspirante non terá dereito a percepción económica de ningunha clase.

De todos os xeitos, previamente, os/as aspirantes que superasen o proceso de selección deberán participar nun CURSO DE FORMACIÓN QUE DESENVOLVERÁ A ACADEMIA GALEGA DE SEGURIDADE PÚBLICA na segunda quincena do mes de maio de cada ano. Aqueles/as que xa tivesen participado e obtivesen certificado de asistencia ao dito curso, estarán exentos/as desta obriga por un período de catro anos, de acordo co previsto no artigo 48.2º do Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de coordinación de policía locais.

DESEMPEÑO DO POSTO

As persoas contratadas estarán obrigadas a presta-la súa xornada de traballo na medida e formas requiridas polo interese do servizo, de acordo coa lexislación aplicable, quedando sometida a un período de proba, co alcance previsto no art. 14 do Estatuto dos Traballadores, e estará suxeita á lexislación laboral pertinente.

Vestirán o uniforme correspondente do corpo de Policía Local, se ben, non levaran placa-emblema nin distintivo algún nas ombreiras e farán constar a súa condición coa lenda de Auxiliar de Policía Local.

Iran provistos de documento de acreditación semellante aos membros do corpo de Policía Local, substituíndo a categoría de Policía Local pola de auxiliar de Policía Local, e o seu numero de identificación, dado polo Concello, precedido dunha A maiúscula.

Undécima.- RÉXIME XURÍDICO.

O presente proceso selectivo rexerese polas presentes bases e convocatoria, e no non previsto nelas, pola seguinte normativa:

- Lei 7/2007, de 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Dec. 1/2008, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Función Pública de Galicia.
- Lei 7/1985, de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local.
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.
- Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido de Disposicións Vixentes en materia de Réxime Local.
- Lei 4/2007, de 20 de abril, de Coordinación de Policía Locais de Galicia.
- Decreto 243/2008, de 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, de 20 de abril.
- Orde de 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais, para a integración dos vixilantes e auxiliares de policía ou interinos, para o acceso como vixilantes municipais e a contratación de auxiliares de policía de tempada.(correccion de erros, DOG 13/02/2009)

- Real Decreto 896/1991, de 07 de xuño, polo que se aproban as regras básicas e programas mínimos ós que debe axustarse o procedemento de selección dos funcionarios da Administración Local, nos preceptos non derogados pola normativa anterior.
- Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común.
- Supletoriamente e no non previsto nas presentes Bases e na anterior normativa, polo Decreto 93/1991, de 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de Provisión de Postos de Traballo, Promoción Profesional e Promoción Interna da Xunta de Galicia, naqueles artigos non derogados pola citada normativa.

Duodécima.- RECURSOS.

A convocatoria e as súas bases poderán ser impugnadas polos interesados nos casos e forma previstos no artigo 52.1 da Lei 7/1985, de 02 de abril, e 209 e seguintes do RD 2568/1986, de 28 de novembro, en relación cos artigos 107 e seguintes da Lei 30/1992, de 30 de novembro.

As resolucións e actos do tribunal poderán ser recorridos en alzada ante o Alcalde do Concello na forma prevista nos artigos 114 e 125 da citada Lei 30/ 1992.

19 de abril de 2012

Adolfo F. Muíños Sánchez

ANEXO I

TEMARIO:

1. O municipio. Concepto e elementos. Competencias municipais. A organización e funcionamento do municipio. O Pleno. O Alcalde. A xunta de Goberno local. Outros órganos municipais.
2. Ordenanzas, regulamentos e bandos. Clases e procedemento de elaboración e aprobación.
3. A licenza municipal. Tipos. Actividades sometidas a licenza. Tramitación.
4. Lei de coordinación das Policía Locais de Galicia e normas de desenvolvemento. Réxime disciplinario: disposicións xerais e faltas disciplinarias.
5. A actividade da Policía Local como Policía Administrativa I: consumo. Abastos. Mercados, Venda ambulante. Espectáculos e establecementos públicos.
6. A actividade da Policía Local como Policía Administrativa II: urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.
7. Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices.
8. Delitos contra a seguridade viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos de motor. Lesión e danos imprudentes.
9. Lei de seguranza viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.
10. Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguranza.
11. Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade. Carencia do seguro obrigatorio.
12. A Policía como servizo público. A Policía Local como Policía de proximidade e de servizo. O auxiliar de Policía e as súas funcións. Responsabilidades do auxiliar de Policía.

ANEXO II

MODELO DE SOLICITUDE PARA TOMAR PARTE NO PROCESO SELECTIVO DE **CATRO PRAZAS DE AUXILIAR DE POLICÍA LOCAL PARA A TEMPADA DE VERÁN** DO CONCELLO DE RIANXO:

D./Dña , con data de nacemento....., con D. N. I. n °....., e con domicilio en..... (teléfono.....)

EXPÓN:

a) Que coñece e acepta as Bases que van a rexer na oposición para a provisión con carácter laboral temporal de catro prazas de auxiliar da Policía Local para a tempada de verán, por un período máximo de 4 meses.

b) Que desexa ser admitido/a ás probas selectivas ó obxecto de prover as citadas prazas.

c) Que o solicitante reúne todos e cada un dos requisitos establecidos na convocatoria, comprometéndose a aportar no seu momento a documentación esixida ó efecto.

d) Declara non haber sido condenado por delito doloso, nin estar inhabilitado para o exercizo de funcións públicas, nin estar separado do servizo das Administracións Públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial.

e) Que adxunta á presente:

- Copia compulsada do documento acreditativo, entre os que se indican na base 3ª.
- Certificado médico acreditativo de estar en condicións para realizar as probas físicas.
- Título acreditativo de estar en posesión (ou en condicións de obtelo na data en que remate o prazo de presentación de instancias) do título de Educación Secundaria Obrigatoria, título de Graduado Escolar ou equivalente.
- certificado de antecedentes penais.

Así mesmo, achega:

- De ter superado o curso teórico - práctico de auxiliar da Policía Local na Academia Galega de Seguridade Pública, poderao acreditar xunto coa instancia. SI NON
- Acreditación de coñecemento da lingua galega suficiente conforme á normativa. SI NON

Por todo o exposto, **Solicito se teña por presentada esta solicitude e sexa admitido/a ás probas selectivas para a provisión** con carácter laboral temporal de CATRO prazas de auxiliar da Policía Local para a tempada de verán 2012.-

Rianxo, de..... de 2012

Sinatura

SR. ALCALDE- PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIANXO (CORUÑA).